

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 8 DE FEBREIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Nigrán da estrada provincial EP-2105 Panxón-O Monteferro, desde o p.q. 0+000 ao p.q. 1+922.

##### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Remuíño, no concello da Arnoia (Ourense).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, STAJ, AXG-CUT, UGT, CSIF e CC.OO. para a implantación do réxime extraordinario de acceso aos graos I e II do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se toma de razón da convocatoria do Programa de axuda para adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia e do programa de avais para a mocidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción, a exención de garantías e que os pagamentos anticipados poidan acadar ata un 60 % da axuda total concedida, na proposta de convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación Bioga-Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a implementación dun plan de actividades para impulsar a competitividade, a innovación e a transferencia no tecido empresarial galego do sector biotecnolóxico no período 2024-2025, por importe de trescentos sesenta e sete mil seiscentos trinta e sete euros (367.637,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da resolución de convocatoria de axudas para proxectos de enerxías renovables de uso térmico no sector residencial, en ámbitos non urbanos, para o ano 2024, cofinanciadas polo Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027.
- Acordo polo que se toma razón da resolución de convocatoria de axudas para proxectos de enerxías fotovoltaica no sector residencial, en ámbitos non urbanos, para o ano 2024, cofinanciadas polo Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de atención domiciliaria en atención primaria 2024-2025.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e as súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se aproba o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) para o ano 2024.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do *contract*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas á realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elemento estrutural na construción.

### INFORMES

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre as axudas para sufragar os gastos da instalación de adaptadores TDT nas zonas de sombra.

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES**

- Informe sobre o Hub Audiovisual e o seu impacto na Industria Cultural Galega.

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Informe sobre as persoas con dependencia atendidas.
- Informe de resultados Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na empresa.

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a convocatoria de axudas para a prevención contra os incendios forestais mediante silvopastoreo.
- Informe sobre a Estratexia de desenvolvemento estrutural dos organismos de investigación dependentes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria 12 2023.

#### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a proba piloto para o tratamento de agregados de categoría C para dragar nos portos de Ortigueira e Fisterra.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE NIGRÁN DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA PANXÓN E O MONTEFERRO**

- Transfírese a totalidade dos algo máis de 1,9 quilómetros da EP-2105
- O Concello asume a titularidade deste treito e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Nigrán da estrada provincial que comunica Panxón e O Monteferro.

O Concello de Nigrán e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que se recollía a aceptación por parte da entidade municipal da transferencia da titularidade da EP-2105.

En concreto, transfírese a totalidade do treito de algo máis de 1,9 quilómetros de lonxitude da estrada EP-2105, comprendido entre o punto quilométrico 0 e o 1+922.


Esta transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Nigrán terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósase o treito obxecto da transferencia autorizada hoxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL O POLÍGONO AGROFORESTAL DE REMUIÑO, NA ARNOIA, PARA POÑER EN VALOR 224 HECTÁREAS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o correspondente decreto da Consellería do Medio Rural para desenvolver este polígono, que implica 6.753 parcelas de 780 propietarios
- A zona delimitada está na área de actuación da DO Ribeiro e a IXP Pemento de Arnoia, en que existe unha gran demanda de terreos para a mellora da estrutura territorial de produción vitivinícola ou plantación de produtos de horta
- Hoxe en día existen xa 29 polígonos en distintas fases de execución, que supoñen a posta en valor de 9.300 hectáreas distribuídas en 30.120 parcelas propiedade de 8.420 veciños, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

A Xunta aprobou hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social o polígono agroforestal de Remuíño, no concello ourensán da Arnoia, para poñer en valor 224 hectáreas, distribuídas en 6.753 parcelas de 780 propietarios.

A declaración de utilidade pública e de interese social implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento. Cómpre sinalar que o 8 de xullo de 2022 saía publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o acordo polo que se iniciaba o procedemento de aprobación para o desenvolvemento deste polígono.

O de Remuíño ten por obxecto prioritario pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, en progresivo estado de abandono ou infrautilización, para recuperar, deste xeito, unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal. Neste caso en concreto, cómpre destacar que a zona delimitada está na área de actuación da Denominación de Orixe Ribeiro e da Indicación Xeográfica Protexida Pemento de Arnoia, en que existe unha gran demanda de terreos para a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas vinculadas á produción vitivinícola, de horta, á gandería extensiva ou ao aproveitamento forestal.

#### **29 polígonos**

Na actualidade, estanse a desenvolver un total de 29 polígonos agroforestais de iniciativa pública en toda Galicia, que se atopan en distintas fases de execución. Isto supón un total de 9.300 hectáreas mobilizadas grazas á Lei de recuperación da terra agraria e abrangue 30.120 parcelas e 8.420 persoas propietarias directamente beneficiadas.

Cómpre apuntar que na maior parte dos polígonos xa se identificaron actividades admisibles e prevese a súa recuperación a través de sistemas agroforestais, cultivos leñosos, gandería e cultivos agrícolas, entre outras posibles actividades secundarias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS PARA O RECOÑECIMENTO DA TRAXECTORIA PROFESIONAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA**

- O Consello aprobou un novo proxecto de acordo entre o Goberno galego e as forzas sindicais representadas na mesa sectorial para ampliar o acceso ao réxime extraordinario
- Permitiranlle a 366 traballadores que non cumprían o requisito de antigüidade nos anteriores prazos mellorar os complementos retributivos

O Consello da Xunta deulle o visto e prace ao proxecto de acordo para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao recoñecemento da traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. Deste xeito, abranse dúas novas convocatorias para facilitarlles aos traballadores que non cumprían os requisitos de antigüidade nos primeiros prazos o acceso aos graos I e II. Isto suporalle melloras nas anualidades e nas porcentaxes dos seus complementos retributivos.

O novo acordo enmárcase no pactado por unanimidade en 2022 na mesa sectorial para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. O obxectivo é ampliar as melloras a 366 traballadores públicos dos corpos de médicos forenses, de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial.

Así, nestas convocatorias extraordinarias para acceder aos novos graos de recoñecemento profesional, ademais de estar en situación de servizo activo na Administración de xustiza en Galicia, para o acceso ao grao I requírese contar cunha antigüidade de cinco anos cando remate o marzo deste ano. No acceso ao grao II a antigüidade requirida ascende aos 11 anos, tamén no momento do remate do vindeiro mes. Ademais, en ambos os casos será preciso cumprir cun dos criterios de avaliación fixados no propio acordo en función do grao.

A solicitude do recoñecemento dos graos con carácter extraordinario ten carácter voluntario por parte da persoa interesada e terase que realizar de forma telemática, a través da oficina virtual do persoal da Administración de xustiza (OPAX). Os novos recoñecementos van supoñer un investimento de case 500.000 euros entre 2024 e 2025.

Con esta medida o Goberno galego mellora, na falta da regulación estatal da carreira profesional por real decreto, o acordado en 2020 que establecía o sistema de carreira profesional do persoal da Administración de xustiza galega. O obxectivo é seguir a avanzar no desenvolvemento da traxectoria profesional, co compromiso firme da Xunta de Galicia con este persoal de corpos nacionais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS POR 3,5 M€ PARA APOIAR A CIDADANÍA NA COMPRA DE VIVENDA E CONCEDERÁ ATA 5 M€ EN AVAIS PARA FACILITAR O ACCESO DA MOCIDADE A UN FOGAR**

- Destacou que o Goberno autonómico ofrecerá subvencións de ata 20.000 € para mercar “vivendas protexidas” e dun máximo de 15.000 € para acceder en propiedade a unha vivenda xa construída localizada “en centros históricos”
- A orde de incentivos, que se publicará este mes de febreiro, tamén favorece o asentamento da poboación moza no rural, con incentivos á compra de ata 10.800 €
- Salienta que, por segundo ano consecutivo, o Goberno autonómico avalará como máximo o 20 % do prezo de adquisición do seu primeiro domicilio no caso dos menores de 36 anos, o que facilitará á mocidade “acceder a unha hipoteca”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou lanzar unha nova convocatoria de axudas para apoiar aos cidadáns que merquen unha vivenda e manter os avais públicos para facilitar que os menores de 36 anos accedan ao seu primeiro fogar en propiedade. Estes apoios súmanse aos que o Goberno autonómico xa ten en materia de alugueiro para “algo tan importante” como facilitar o acceso da cidadanía “a un lugar no que vivir, onde desenvolver un proxecto de vida”.

Tal e como explicou, a primeira liña estará dotada de 3,5 millóns de euros e vai dirixida a apoiar a adquisición “de vivendas protexidas, de inmobles localizados en centros históricos ou en municipios de menos de 10.000 habitantes”. Publicarase a orde da axudas ao longo deste mes de febreiro. Así mesmo, o 1 de marzo abrirase o prazo para que os mozos e mozas galegos poidan acollerse ao programa de avais públicos da Xunta, con concesións previstas por un importe máximo de ata 5 millóns de euros.

Ambas convocatorias enmárcanse no Pacto social pola vivenda de Galicia, aprobado a comezos do ano 2021 coa intención de marcar a folla de ruta que se seguirá na Comunidade durante os vindeiros anos en canto ás políticas públicas en materia residencial.

En concreto e co obxectivo de facilitar o acceso a un fogar da cidadanía, a Xunta manterá as tres liñas de axudas directas á adquisición que veu ofrecendo nos últimos anos pero, como novidade, en 2024 farao baixo o paraugas dun programa único, con requisitos comúns para todos os solicitantes –ser maior de idade, español ou residente legal en España, ademais de utilizar a vivenda adquirida como domicilio habitual e permanente durante un mínimo de 5 anos– e exixencias específicas segundo o caso.

#### **Tres modalidades de acceso**

Os particulares interesados en acollerse a estas axudas da Xunta terán tres modalidades de acceso: adquisición de vivenda protexida; compra en centros históricos; ou compra en municipios de menos de 10.000 habitantes. O prazo para presentar as



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitudes abrírase o día hábil seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de outubro deste ano ou cando se esgote o crédito.

No caso das persoas interesadas en mercar unha vivenda protexida, o orzamento reservado na orde ascende a 1,05 millóns de euros e o importe da axuda poderá chegar ata os 20.000 euros. Así, as persoas que desexen adquirir un destes inmobles poderán solicitar unha subvención equivalente ao 20 % do seu custo, cun límite de 20.000 euros no caso dos menores de 36 anos que compren a vivenda en calquera das sete grandes cidades. Para o resto, o importe dependerá da área xeográfica en que estea localizada e da idade do comprador, movéndose entre os 12.000 e os 16.000 euros.

En relación cos requisitos de acceso, os beneficiarios deben ser adquirentes ou adxudicatarios, en primeira transmisión, dunha vivenda de protección autonómica, que, ademais, terá que ter xa esta cualificación no momento da convocatoria das axudas.

A segunda modalidade de acceso ao programa será a adquisición dunha vivenda localizada nalgún dos medio cento de centros históricos existentes en Galicia, subvencións para as cales a Xunta reserva, neste caso, un orzamento de 500.000 euros.

As axudas poderán chegar aos 15.000 euros sempre que a vivenda se merque nalgún dos sete municipios galegos que teñen declarada nestes ámbitos unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (Área Rexurbe) —Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos— mentres que nos restantes concellos será de 12.800 euros no caso de que o solicitante sexa menor de 36 anos e de 10.800 euros se é maior.

Ademais de que a vivenda estea nun centro histórico, para acceder a estas axudas haberá que acreditar que se subscribiu un contrato privado ou unha escritura pública de adquisición do inmovible con posterioridade ao 2 de outubro de 2023.

Por último, tamén se subvencionará a adquisición de inmobles para uso residencial por parte do colectivo dos menores de 36 anos en municipios de menos de 10.000 habitantes. Cunha partida asignada neste caso de algo máis de 1,9 millóns de euros, a axuda será equivalente ao 20 % do prezo de compra, sempre que este non supere os 120.000 euros e cun límite por axuda fixado nun máximo de 10.800 euros.

Tanto no caso das axudas para compra en centros históricos como en concellos rurais será requisito imprescindible que a vivenda adquirida xa estea construída, con independencia de que sexa nova ou usada.

### **Aval mozo**

Por outra banda, o acordo que elevou o Instituto Galego da Vivenda e Solo ante o Consello tamén inclúe a convocatoria, por segundo ano consecutivo, do programa de avais públicos para a mocidade, impulsado en 2023 pola Xunta. De feito, Galicia foi pioneira en implantar esta medida. “Sen esta financiación adicional, moitos mozos non poderían acceder a unha hipoteca”, indicou.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco da convocatoria deste ano, poderanse conceder avais por un importe de ata 5 millóns de euros e cunha contía equivalente ao 20 % do custo da vivenda. O prezo de adquisición, en todo caso, non poderá superar os seguintes límites: 240.000 euros no caso de Santiago, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ourense; 180.000 euros en Lugo, Ferrol, outros municipios urbanos e de tamaño medio, e 130.000 euros no resto de Galicia.

Deste xeito, a contía máxima que poderá ser avalada pola Xunta ascenderá a 48.000 euros no caso de inmobles localizados no primeiro grupo de concellos, de 36.000 euros no segundo e de 26.000 euros no terceiro.

A previsión do IGVS é convocar este programa de avais públicos tamén no mes de febreiro, de xeito que os mozos interesados –que deberán acreditar uns ingresos mínimos de 2 veces o Iprem (16.800 euros) e máximos de 5,5 veces o Iprem (46.200 euros)– poidan presentar as súas solicitudes a partir do 1 de marzo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E BIOGA ASINAN UN CONVENIO PARA MELLORAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS EMPRESAS BIOTECNOLÓXICAS E A TRANSFERENCIA DOS AVANCES NA INVESTIGACIÓN**

- O Consello dá luz verde a este acordo que suma un total de 360.000 euros
- Enmárcase na Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico e está aliñado coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia

O Consello da Xunta deu luz verde, na súa reunión desta mañá, a un novo convenio con Bioga que ten como obxectivo mellorar a prestación de servizos ás empresas biotecnolóxicas, así como a transferencia dos avances na investigación.

A Xunta e Bioga destinarán un total de 360.000 euros para a posta en marcha dun plan de actividades que permita seguir reforzando o sector biotecnolóxico galego, así como a súa cadea de valor.

En concreto, o convenio recolle actuacións dirixidas, por unha parte, a potenciar a capacidade de innovación do clúster e os servizos innovadores que presta aos seus asociados e ao conxunto do ecosistema biotech galego. Neste eido inclúense estudos de *benchmarking* con outras biorrexións, dinamización de proxectos europeos, fomento do bioemprendemento e de boas prácticas a nivel internacional.

Por outra parte, realizaranse actividades para reforzar o rol de Bioga na dinamización e seguimento do sector a través da organización dos premios Bioga, a elaboración dun informe anual de situación, accións para captar financiamento privado, fomento de proxectos biohíbridos e participación e representación en feiras e eventos do sector biotech no ámbito nacional e internacional.

Bioga é unha asociación sen ánimo de lucro, de colaboración público-privada e cooperación que actúa como catalizador da biotecnoloxía, contribuído ao desenvolvemento económico e social da rexión.

O convenio enmárcase na Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025 e está aliñado coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, pois o sector biotecnolóxico é un dos eidos clave para o futuro económico da Comunidade, xa que pode xogar un importante papel no desenvolvemento doutros sectores estratéxicos como o agroalimentario, o mar, o ambiente ou a saúde.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA AXUDAS DA XUNTA DE 3,5 M€ A PROXECTOS DE PARTICULARES EN ENERXÍAS RENOVABLES PARA AFORRAR NA FACTURA E LOITAR CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO**

- O Consello aproba as bases das convocatorias tanto de renovables térmicas como de fotovoltaica en réxime de concorrencia competitiva
- O obxectivo é seguir fomentando o uso de enerxías renovables, así como a cultura do aforro enerxético

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, informou hoxe dunha nova convocatoria da Xunta cun orzamento de 3,5 millóns de euros para apoiar proxectos de renovables térmicas e de fotovoltaica impulsados por particulares co obxecto de que os galegos e galegas "poidan aforrar na súa factura enerxética, á vez que contribuír a loitar contra o cambio climático".

"Somos xa un referente na produción de enerxías renovables e queremos seguir potenciando a súa utilización", defendeu o mandatario galego sobre estas axudas, cuxas bases foron aprobadas hoxe no Consello da Xunta.

Rueda explicou que estas axudas teñen un dobre obxectivo, xa que se prevé conseguir "un aforro económico anual de 500.000 euros, 625 euros ao ano por fogar", así como unha redución de emisións "equivalente a plantar 120.000 árbores".

Para iso, avanzou que se actuará en dous ámbitos para fomentar o uso de enerxías renovables. Por unha parte, activarase unha nova convocatoria de axudas para favorecer a implantación de proxectos de renovables térmicas. En total, destínanse 2 M€ para apoiar iniciativas que utilicen xeotermia, aerotermia e solar térmica, así como a instalación de caldeiras de biomasa.

Rueda explicou que as axudas cobren un 50 % cun máximo que "vai dos 2.000 aos 10.000 euros no caso de ser unha vivenda unifamiliar e ata 40.000 euros para as comunidades de veciños". A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva e só se admite tramitación electrónica a través das entidades colaboradoras.

Por outra banda, destínase un total de 1,5 M€ á nova convocatoria para apoiar instalacións de enerxía fotovoltaica. Neste caso, segundo debullou, tamén se cobre o 50 %. "As achegas oscilarán entre os 4.000 e os 6.000 euros", precisou, ao tempo que aclarou que, de concorrencia competitiva, tamén se tramitarán vía electrónica por entidades colaboradoras, "e poderán solicitarse, previsiblemente, a finais deste mes".

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O PLAN GALEGO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA EN ATENCIÓN PRIMARIA 2024-2025

- Rueda salienta que o obxectivo é potenciar e consolidar este servizo nos pacientes que se considere que “non poden desprazarse de forma habitual ata o centro de saúde” coma crónicos complexos, persoas inmobilizadas ou que precisan cuidados tras unha hospitalización
- Destaca que se deseñará “un protocolo común” de actuación en todas as áreas sanitarias e se impulsará a formación neste eido
- Con este Plan consolídase o modelo de equipos de enfermaría a domicilio posto en marcha polo Goberno galego en decembro de 2022, para funcionar como apoio aos servizos de primaria que o precisen
- O Plan, dirixido a todos os profesionais de atención primaria, desenvolverá un modelo de valoración integral que facilitará a identificación das necesidades do paciente e a aplicación dun plan individualizado de intervención

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o Plan galego de atención domiciliaria en atención primaria 2024-2025 para potenciar e consolidar este servizo nos pacientes “que pola súa situación clínica non poden desprazarse de forma habitual ata o centro médico” coma persoas inmobilizadas, crónicos complexos ou que tras un ingreso hospitalario precisan certos cuidados na súa vivenda.

O obxectivo é establecer un modelo asistencial de atención domiciliaria baseado na proactividade do sistema, que é un dos piares da Estratexia galega de saúde 2030, así como na continuidade asistencial e no fomento da participación e a corresponsabilidade do paciente.

A posta en marcha deste plan enmárcase na reforma e mellora do actual modelo de atención primaria, iniciada pola Xunta no 2019, para dar resposta ás actuais demandas da poboación galega e dos profesionais sanitarios.

Con este plan, o Executivo galego reforzará a atención á poboación que non pode desprazarse ao centro de saúde e proporcionará información, educación e apoio ao paciente e á súa familia no seu propio domicilio, fixando uns protocolos comúns para todas as áreas sanitarias.

A aprobación deste plan responde a un mandato do Parlamento galego, aprobado por todos os grupos da Cámara, co obxectivo de elaborar unha estratexia de atención domiciliaria que reforce o modelo de atención no domicilio no primeiro nivel asistencial.

#### **Accións que se levarán a cabo**

Para garantir a consecución do plan, a Consellería de Sanidade establece cinco liñas estratéxicas principais, ademais de 13 obxectivos e 23 accións. Tal e como explicou o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

presidente, entre as principais medidas está o deseño “dun protocolo común de actuación en todas as áreas sanitarias”; a creación “de equipos de soporte de atención domiciliar”, formados por diferentes profesionais que se desprazarán ata a vivenda dos pacientes así como fomentar a docencia e investigación neste eido e “dotar aos profesionais dos recursos necesarios” para desenvolver o seu traballo nos domicilios con total seguridade.

Para acadar unha implantación satisfactoria do plan, as accións fórmulanse en dous intervalos temporais, a curto prazo (2024) e a medio prazo (2025).

En consecuencia, o Plan permitirá avanzar cara a un modelo organizativo óptimo para levar a cabo unha atención de calidade no domicilio do doente, e dirixido a todos os profesionais de atención primaria que teñen recollida a atención domiciliaria na súa carteira de servizos, sempre que esta modalidade de atención se considere a máis axeitada polas circunstancias da persoa.

Grazas a esta medida, desenvolverase un modelo específico de valoración integral que facilite a identificación de necesidades da persoa e a posterior elaboración dun plan individualizado de intervención. Para levalo a cabo, dotaranse os profesionais dos recursos que sexan necesarios co fin de mellorar e axilizar a atención domiciliaria.

Cómpre remarcar, así mesmo, que a actividade asistencial domiciliaria do Sergas se estrutura en dous bloques, a prestación de servizos en primaria e a hospitalización a domicilio. Así, este plan de atención domiciliaria completa o Plan de hospitalización a domicilio-Estratexia HADO 2019-2023 de xeito que queda definida unha actividade asistencial domiciliaria de calidade, sexa cal sexa o nivel asistencial desde o que se leve a cabo.

### **Tecnoloxía para a atención domiciliaria**

O Sergas conta con diversos recursos, programas e ferramentas tecnolóxicas que facilitan a atención domiciliaria, entre as que compre destacar a plataforma TELEA de seguimento de pacientes crónicos, a historia clínica en mobilidade, Programa Conecta 72, Sergas Móbil ou Esaúde.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 1,5 M€ ÁS EMPRESAS GALEGAS DE INSERCIÓN PARA DAR EMPREGO A UNHAS 170 PERSOAS EN RISCO OU EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que eleva en case un 21 % o orzamento con respecto ao ano pasado
- Con estas axudas prevese dar emprego tamén a 14 persoas de nivel técnico ou de dirección das empresas de inserción

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que destinará 1,5 millóns de euros a apoiar a contratación de persoas en risco de exclusión social en empresas de inserción, que recibirán formación e emprego durante un máximo de tres anos. A orde -cuxo orzamento se incrementa en case un 21 % con respecto ao ano pasado- prevé a mellorar as oportunidades dunhas 170 persoas con dificultade para traballar e facilitar o seu camiño de acceso ao mercado laboral ordinario, así como sufragar os custos salariais de 14 persoas de nivel técnico ou directivo nestas entidades de inserción.

Como requisito, as empresas solicitantes deberán ocupar o seu cadro de persoal con cando menos o 30 % de persoas en situación ou risco de exclusión social.

A liña de apoios artéllase en dous programas. Un primeiro (1.355.000) está destinado a incentivar a incorporación destas persoas desempregadas, financiando o custo salarial cunha contía equivalente ao 100 % do salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa traballadora en proceso de inserción contratada a xornada completa. O segundo (145.000 euros) inclúe incentivos para favorecer a creación de empresas de inserción, para axudar na xestión e dirección das novas entidades e financiar o persoal técnico de orientación.

O Goberno galego, con esta iniciativa, está a promover as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación efectiva ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social.

As empresas de inserción forman parte da economía social. Son sociedades mercantís ou cooperativas legalmente constituídas que, realizando calquera actividade económica de produción de bens e servizos, teñen por obxecto social a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social como paso previo ao seu tránsito ao emprego ordinario.

A orde que hoxe se aproba no Consello da Xunta favorece a promoción de empregos estables e de calidade e impulsa a transición entre a formación de persoas en situación de risco ou exclusión social e a súa incorporación ao mercado laboral. A finalidade é

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obter un emprego que permita reforzar a situación económica das familias en situación de vulnerabilidade.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O ISSGA REFORZARÁ EN 2024 AS SÚAS ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN EN ACTIVIDADES FEMINIZADAS E NOS RISCOS LABORAIS EMERXENTES

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe hoxe ao Plan de actuacións do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para este ano
- Diseñado en colaboración cos interlocutores sociais e de xeito transversal dentro da Xunta, incidirá nos sectores con maior sinistralidade e de alto risco
- O plan prevé accións para afrontar os riscos laborais derivados dos novos escenarios de traballo: teletraballo, dixitalización ou desconexión

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia reforzará no seu Plan de actuación de 2024 as accións que incidan na prevención e na promoción da saúde en actividades con riscos emerxentes e con alta presenza de mulleres. O Consello do Goberno galego deu hoxe o visto e praxe a este documento nado do consenso cos interlocutores sociais e coa participación das diferentes consellerías con competencias nesta materia.

A nova planificación enmárcase por primeira vez na Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027, que está a desenvolver, cun orzamento de case 56 millóns de euros, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

A Xunta aspira a facer fronte coas súas accións aos sectores de actividade con maiores índices de sinistralidade -construción e afíns, actividade de silvicultura e industria madeireira, pesca e afíns, industria, servizos e montaxe e desmontaxe de eventos- e a riscos emerxentes.

Tamén se prestará atención a colectivos específicos que precisan dunha especial axuda técnica para incorporar unha adecuada xestión preventiva. Reforzarase, así, a actuación en actividades con alta presenza de mulleres. Priorizaranse, neste eido, as actuacións dirixidas á protección da maternidade e os programas destinados ao persoal do sector dos coidados e á promoción da seguridade nos traballadores por conta propia.

#### **Actuacións concretas**

Entre outras medidas concretas, o plan fomentará a participación do Issga en 50 grupos de traballo técnico de carácter autonómico e estatal. Tamén permitirá elaborar datos estatísticos de sinistralidade entre traballadores de maior idade e os autónomos.

Desenvolveranse 14 campañas de promoción da prevención e redución da sinistralidade e realizaranse programas específicos e de asesoramento técnico nos lugares de traballo cunha previsión de acadar as 350 actuacións.

En 2024, a Administración autonómica elaborará guías específicas de axuda para colectivos como o das mariscadoras e redeiras, ou para as persoas que empreguen a voz no desempeño das súas funcións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Issga quere afondar na investigación de accidentes de traballo por infarto, derramo e outras patoloxías non traumáticas e desenvolverá, na mesma liña, un proxecto piloto de cancro laboral, actuación de prioridade nos marcos estratéxicos estatal e europeo.

Está previsto que este ano se realicen 600 actuacións comprobatorias por parte do persoal técnico habilitado do Issga, que incidirán na actividade forestal, a pesca, a construción, nas actividades de limpeza e en supermercados.

Respecto dos novos modelos de traballo, actuarase fronte aos riscos psicosociais e para o coidado da saúde mental. O Issga prevé crear un laboratorio específico ao respecto.

O Issga, por outra banda, prevé formar 4.000 persoas nos diferentes concellos sobre as novidades técnicas e normativas con atención a sectores produtivos con alto risco.

O obxectivo deste plan, que se financia cos 7,6 millóns de euros de orzamento con que conta o Issga en 2024, pasa por reducir a sinistralidade laboral en Galicia, mellorar a xestión preventiva e avanzar no benestar laboral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONVOCA 4 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA A VALORIZACIÓN E A SEGUNDA TRANSFORMACIÓN DA INDUSTRIA FORESTAL MADEIRA E DO CONTRACT

- Esta convocatoria, ademais de ampliar a súa contía, incorpora diversas novidades, como dúas novas liñas de achegas, centradas na ecoinnovación e dixitalización, e a simplificación dos trámites administrativos
- Estas achegas contribuirán á consolidación das pequenas e medianas empresas que conforman este sector, o que lles permitirá gañar en competitividade e apostar por procesos de produción con menor impacto ambiental
- Están enmarcadas na Axenda de impulso forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector para potenciarlo e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable e neutra en carbono
- Poderán beneficiarse destas axudas aquelas pequenas e medianas empresas da industria forestal e do *contract* que utilicen madeira e os seus derivados como materia prima para a elaboración dos seus produtos
- A publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) destas axudas está prevista para mañá, venres 9 de febreiro, e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación

Segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta, a Consellería do Medio Rural convocará 4 millóns de euros en axudas para a valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e a dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do *contract* no período 2024-2025.

Trátase dunha liña de achegas que contribuirán á consolidación das pequenas e medianas empresas que conforman este sector, o que lles permitirá gañar en competitividade e apostar por procesos de produción con menor impacto ambiental. Ademais, está enmarcada na Axenda de impulso forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector para potenciarlo e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

#### **Novidades da convocatoria**

Algunha das novidades que caracterizan esta convocatoria son a creación de dúas novas liñas de axudas, centradas na dixitalización e a ecoinnovación; ademais da simplificación administrativa, xa que a maior parte da información se elimina mediante unha relación de declaracións responsables que se introducen no propio anexo de solicitude.

A diferenza das anteriores convocatorias, a de 2024 prevé actuacións relacionadas coa dixitalización, para apoiar proxectos de dixitalización das persoas beneficiarias desde a implantación de sistemas de dixitalización, xa sexa dalgún proceso concreto ou de xestión integral especificamente deseñados, desenvolto ou adaptados a un proceso concreto dentro do seu ámbito de actividade ata implantar sistemas para o control e/ou

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mellora dos procesos produtivos. Neste sentido, fai referencia a sistemas de captura de datos, automatización ou supervisión remota, entre outros.

Por último, a liña de achegas vencellada coa ecoinnovación, dirixida a apoiar proxectos destinados a ecodeseñar produtos ou materiais que utilicen a madeira como materia prima, para conseguir desenvolvementos técnicos ou prototipos que melloren a pegada ambiental ao longo do ciclo de vida. Tamén ten como obxectivo impulsar aqueles proxectos ou solucións de economía circular, encamiñados a prever o malgasto e recuperar o máximo valor dos materiais ou a introducir ferramentas para a análise dos aspectos ambientais que permitan á empresa identificar e, nalgúns casos, cuantificar os impactos ambientais asociados ás distintas fases do ciclo de vida en procesos produtivos vinculados coa madeira.

### **Resto de liñas de axudas**

Por primeira vez neste tipo de achegas -que se convocan anualmente desde 2021- establécense seis liñas definidas en materia de accións subvencionables, cada unha delas dirixidas a diferentes obxectivos. A primeira está centrada en cuestións vencelladas coa competitividade e a valorización e subvencionará actuacións como a compra de maquinaria, as obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto da subvención, entre outros.

A liña número dous refírese ao mobiliario, o *contract* e a construción. Financia tamén a compra de maquinaria, neste caso a vinculada ao deseño e fabricación de mobiliario e de elementos para a construción. A maiores subvencionará outros bens de equipamento novos que formen parte do activo da empresa e interveñan no proceso produtivo obxecto do proxecto.

As certificacións, os ensaios e os informes son outra das liñas recollidas nesta convocatoria. Teñen como obxectivo a implantación e certificación da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental.

Por outra banda, no relativo a seguridade e saúde na contorna laboral, financiaranse servizos para a implantación e certificación do estándar en seguridade; para a creación, mellora e expansión de servizos de prevención mancomunados e medidas orientadas á minimización do risco de orixe e propagación de incendios, entre outros.

### **Beneficiarios**

Poderán beneficiarse destas axudas aquelas pequenas e medianas empresas -incluídas persoas autónomas- da industria forestal e do *contract* que utilicen madeira e os seus derivados -resina, cortiza ou outros produtos de orixe forestal, exceptuando os produtos alimentarios-, como materia prima para a elaboración dos seus produtos.

Tamén poderán beneficiarse aquelas empresas que presten servizos de prevención de riscos laborais, así como as organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e presten os ditos servizos ou sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) destas axudas está prevista para mañá, xoves 9 de febreiro. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. Mentres tanto, o prazo de xustificación será para a anualidade do 2024, ata o 15 de outubro de 2024 inclusive, e para a anualidade do 2025 ata o 15 de abril de 2025.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 5 M€ PARA FOMENTAR A UTILIZACIÓN DE MADEIRA NA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS UNIFAMILIARES E EDIFICACIÓNS EN ALTURA, ENTRE OUTROS USOS

- Estas achegas teñen como fin contribuír á loita contra o cambio climático, fomentar a prevención e xestión forestal sustentable e activa do territorio galego, afondar en políticas de eficiencia enerxética e achegar confort, saúde e benestar a aquelas persoas que vaian habitar edificacións construídas en madeira
- Poderán ser beneficiarias aquelas pequenas e medianas empresas, incluídas as persoas autónomas, e as asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro; así como as persoas físicas, sexa de xeito individual ou unha pluralidade delas
- O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, que se prevé a principios de marzo, ata o 15 de maio de 2024 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso de que se produza con anterioridade a esa data

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de axudas pola cal se destinarán 5 millóns de euros para a realización de proxectos e obras que empreguen madeira como elemento estrutural na construción. Estas achegas están enmarcadas dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira e teñen como fin contribuír á loita contra o cambio climático, fomentar a prevención e xestión forestal sustentable e activa do territorio galego, afondar en políticas de eficiencia enerxética e achegar confort, saúde e benestar a aquelas persoas que vaian habitar edificacións construídas en madeira.

Poderán ser beneficiarias aquelas pequenas e medianas empresas, incluídas as persoas autónomas, e as asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro; así como as persoas físicas, sexa de xeito individual ou unha pluralidade delas.

#### **Actuacións subvencionables**

Neste sentido, serán subvencionables aquelas accións vencelladas coa redacción de proxectos e a utilización de produtos de madeira nestas actuacións. No caso de pemes, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, a solicitude de axuda deberá ser para nova construción, rehabilitación ou reforma de naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais e sempre que, cando menos, o 20 % do orzamento de execución material do proxecto corresponda a produtos de madeira ou derivados da madeira (incluída a súa colocación), que serán utilizados cunha finalidade estrutural, sistemas de compartimentación, envolvente ou acabamentos, excluíndose para o dito computo o uso da madeira nas carpintaría interiores, pavimentos interiores e acabamentos interiores.

Ademais, a edificación proxectada deberá estar destinada a un uso industrial (incluídos os vinculados á transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais),

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comercial, recreativo, hoteleiro, oficinas, sanitario asistencial, educativo, cultural ou deportivo.

Por primeira vez neste tipo de convocatorias inclúese unha partida específica destinada ás promocións de construción en altura, onde tamén poderán entrar edificacións con uso residencial dun mínimo de tres plantas. Lémbrese que o consello da Axencia Galega da Industria Forestal é que o soto e a planta baixa teñan unha estrutura en formigón, e que a madeira se utilice de forma estrutural na primeira planta e superiores.

As condicións son as mesmas para aquelas solicitudes feitas por persoas físicas, malia que se exclúen do cómputo necesario para chegar ao 20 % o uso da madeira nas carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabamentos interiores. Ademais, a edificación proxectada deberá estar destinada a un uso residencial unifamiliar.

### **Prazos**

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, que se prevé para principios de marzo, ata o 15 de maio de 2024 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso de que se produza con anterioridade a esa data.

O prazo máximo para presentar a xustificación das actividades subvencionadas finalizará no caso de proxectos o 15 de outubro de 2024 para a primeira anualidade e o 15 de novembro de 2024 para a utilización de produtos de madeira, e para a segunda anualidade o 30 de xuño de 2025 e 30 setembro respectivamente.

Con todo, a execución da obra non terá que estar rematada no momento de xustificación da solicitude de axuda, sempre que o obxecto da dita axuda sexa a redacción do proxecto de execución de obra e/ou a compra e instalación do material madeira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DARÁ AXUDAS ÁS VIVENDAS SITUADAS EN ZONA DE SOMBRA QUE TEÑAN QUE ADAPTAR OS SEUS TELEVISORES POLO APAGÓN DA TDT SD**

- Explica que os fogares afectados poden chegar a 4.300, espallados por 260 concellos, que son aqueles que xa estaban a recibir o sinal de TDT por satélite e que agora terán que mercar un novo dispositivo que ronda os 400 €
- As axuda da Xunta, de carácter retroactivo, sufragarán o 100 % do custo do decodificador e da instalación nestas zonas se é primeira vivenda, ata un máximo de 400€, e o 50 % se é segunda residencia, cun límite máximo de 200€
- O Goberno central marcou o 14 de febreiro coma data a partir da cal a televisión só poderá verse en alta definición ou HD
- A maioría da poboación galega só precisará resintonizar os canais
- O presidente lamenta o “novo agravio” do Goberno estatal “coa poboación rural” e lembra que “é competencia” da Administración estatal habilitar este tipo de axudas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai lanzar unha liña de axudas para apoiar ás 4.300 vivendas da comunidade galega, espalladas por 260 concellos, que poderían estar afectadas por estar en zona de sombra e teñen que adaptar os seus televisores tras o apagón da Televisión Dixital Terrestre (TDT) que se vai producir a vindeira semana.

O mandatario galego explicou que a partir do 14 de febreiro, tal e como marcou o Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública, vaise producir o apagón da tecnoloxía SD (standar dixital) da TDT, é dicir, só poderá verse a televisión en alta definición ou HD.

Tal e como aclarou Rueda, a maioría da poboación galega unicamente terá que resintonizar os canais de televisión ou no caso de contar cun aparello anterior ao ano 2011 mercar un pequeno adaptador para poder acceder ao novo sinal.

O problema, segundo resaltou o presidente, está nas vivendas localizadas nas chamadas zonas de sombra ou áreas de exclusión da TDT zona III. Os veciños destas áreas están a recibir o sinal da TDT por satélite e agora deberán mercar un novo dispositivo cun prezo que ronda, de media, os 400€. Trátase dunhas 4.300 vivendas espalladas por 260 concellos.

A Xunta trasladou por carta hai dous meses ao Goberno central a súa preocupación pola situación que ían vivir os galegos que residen en zonas de sombra. Rueda lembrou que “é competencia e responsabilidade” do Executivo estatal habilitar axudas para apoiar aos fogares que precisan adaptar os seus televisores á alta definición, pero ante a falta de resposta, a Xunta vai facerse cargo deste gastos.

Rueda salientou que o Goberno autonómico “vai sufragar o 100%” do custo de renovar os equipos e a instalación nas primeiras residencias, ata un límite máximo de 400€.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres que se son segunda residencias, apuntou que a estes fogares poderáselles axudar ata o 50% do custo, cun límite máximo de 200€.

O mandatario galego salientou que esta achega terá carácter retroactivo, é dicir, aínda que o cambio de dispositivo se faga antes de que se publique a orde de axudas, bastará con acreditar o gasto para poder recibir a cantidade correspondente despois.

Finalmente, o presidente lamentou "un novo agravio coa poboación rural e as zonas de exclusión social" por parte do Goberno central. "Non lle correspondería á Xunta de Galicia", indiciu, pero defendeu a habilitación destas achegas por parte da Administración galega, "pola inactividade e falta de axudas ante quen toma a decisión e marca os prazos", concluíu.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O HUB AUDIOVISUAL DA XUNTA EXECUTOU 109 PROXECTOS CUN IMPACTO ECONÓMICO ESTIMADO EN MÁIS DE 32 M€

- A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades eleva ao Consello un informe sobre os resultados artísticos e económicos dese programa extraordinario de apoio ao sector desenvolvido entre 2021 e 2023 cun investimento de 9,6 M€
- Outros datos significativos son que existe un retorno duns catro euros por cada euro invertido
- Destaca a liña de atracción de rodaxes que, cun investimento de 2,7 millóns tivo un impacto superior aos 22 millóns.
- A Axencia Galega das Industrias Culturais contará con un novo fondo para rodaxes por 2M€, con novas condicións e cun retorno esperado de 20M€

O Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega, deseñado e desenvolvido pola Xunta no trienio 2021-2023, supuxo un incremento da produción galega en máis de 32 M€, contribuíu á materialización de 109 proxectos de distintas naturezas e disciplinas artísticas e acadou a creación de 777 postos de traballo anuais equivalentes a tempo completo. Así se reflicte no informe que, baseado na avaliación dun equipo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades elevou hoxe ao Consello, nun documento que recolle os obxectivos, características e resultados deste programa extraordinario de apoio dotado con 9,6 M€ e posto en marcha para facerlles fronte aos efectos da covid-19 no sector.

O programa global, que se executou coa finalidade de potenciar a produción de contidos, o emprego, a proxección internacional e a competitividade das nosas empresas culturais e creativas, centrouse en dous ámbitos de actuación principais polo seu maior potencial tractor: o audiovisual e a música. Engadiuse tamén un eido transversal, destinado á adquisición de activos e materiais tecnolóxicos por parte de empresas e entidades.

Ademais, a súa xestión a través da Axencia Galega das Industrias Culturais realizouse de xeito dinámico para optimizar e garantir a canalización eficiente dos fondos europeos, coa reasignación de cantidades entre as nove liñas de axuda convocadas, sempre segundo as demandas manifestadas polo diálogo permanente co sector e en adecuación constante ás súas necesidades prioritarias en cada momento.

#### **Presentados 249 proxectos de 90 entidades**

Foron 90 entidades diferentes as que resultaron adxudicatarias dalgunha destas subvencións, ás que se presentaron 249 proxectos, dos que 121 foron beneficiarios e 109 os finalmente desenvolvidos. O Hub tamén implicou a licitación da iniciativa Galicia Film Commission, que inclúe unha plataforma tecnolóxica e a dixitalización de obras do patrimonio audiovisual galego do arquivo da Fimoteca de Galicia.

Así, na listaxe de proxectos financiados cóntanse nove rodaxes: tres longametraxes (*13 exorcismos*, *Amigos hasta la muerte* e *Tratamos demasiado bien a las mujeres*), cinco series de ficción (*Hasta el cielo*, *Os argonautas e a moeda de ouro*, *Operación Marea Negra II*, *Rapa I*, *Rapa II* e *Los enviados*) presentadas por seis produtoras galegas. Tamén se

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contribuíu á preproducción de 64 obras audiovisuais a cargo de 25 entidades beneficiarias: foron en concreto 16 proxectos individuais, 13 paquetes de propostas con 48 obras, 49 longametraxes e 15 series de ficción ou documentais (seis dos 64 títulos foron de animación).

Ademais, como parte do sector audiovisual, fomentouse a actividade de exhibición cinematográfica de sete entidades e cines, con atención especial á promoción de novos públicos, e desenvolvéronse dous videoxogos educativos e de lecer de produción galega.

### **Tamén na música e nas infraestruturas culturais**

No ámbito musical, o Hub facilitou a organización de máis de 500 concertos e outras producións musicais. Os 157 concertos que acolleron 11 espazos da Rede Galega de Música ao Vivo, a produción de tres discos, nove sinxelos, 24 clips e máis de 360 actuacións adicionais incidiron na actividade de 50 grupos e artistas de 21 promotoras e empresas distintas.

Tamén as empresas e entidades culturais galegas tiveron no Hub da Xunta un medio para se capitalizar tecnoloxicamente a través do desenvolvemento de seis aplicacións informáticas para a xestión cultural e da adquisición de equipamentos técnicos e dotación de activos cos que se modernizaron 33 escenarios e infraestruturas.

No que respecta ao impacto económico global, o informe revela que a taxa de retorno sobre as axudas foi do 119,11 %, do que o 21,82 lle corresponde á Administración galega.

O Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega contou co financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do eixo REACT-UE do programa operativo FEDER 2014-2020 como parte da resposta europea á pandemia da covid-19.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AXUDOU A MÁIS DE 700 MOZOS A TRANSITAR DA ETAPA ACADÉMICA Á LABORAL COS PROGRAMAS XUVENTUDE MENTORING E XUVENTUDE MENTORING NA EMPRESA

- Lévanse realizado catro edicións de Xuventude Mentoring e o 82 % dos participantes estaban activos no mercado laboral tras completaren a súa formación
- Na primeira edición de Xuventude Mentoring na Empresa preto de 150 mozas e mozos realizaron estadías formativas en 57 empresas e tres concellos, e a porcentaxe de inserción laboral é do 30 %

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe sobre os programas Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na Empresa postos en marcha pola Consellería de Política Social e Xuventude. Estas dúas iniciativas teñen como obxectivo axudar a xente moza a entrar no mercado laboral unha vez que remata a universidade, a formación profesional ou outros estudos.

O Xuventude Mentoring creouse no ano 2021, coa participación das tres universidades galegas, a través do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (Cixug), e entidades de referencia como os clúster TIC Galicia, Turismo de Galicia ou Bioga. Con esta alianza entre os sectores público e privado procúrase dar á mocidade galega as ferramentas necesarias para mellorar a súa inserción laboral, poñendo á súa disposición acompañamento e asesoramento personalizado a través dun titor e dun mentor, formación nas habilidades e competencias que facilitan a inserción laboral e encontros de networking e visitas en empresas, como Congalsa, Zandal ou Estrella Galicia.

Preto de 600 mozas e mozos de entre 18 e 30 anos participaron ao longo das catro edicións celebradas ata o momento e, tras finalizaren o programa, o 50 % estaban activos no mercado laboral. Esta porcentaxe incrementase ata o 82 % co paso do tempo, concretamente no caso dos participantes das dúas primeiras edicións, tal e como se extrae da última enquisa realizada a finais de 2023. Esta semana abriuse a convocatoria da quinta edición de Xuventude Mentoring e actualmente está en fase de presentación de solicitudes ata o vindeiro día 1 de marzo.

#### **Estadías formativas**

Os bos resultados acadados co Xuventude Mentoring fixeron que a Xunta decidise ampliálo o ano pasado co Xuventude Mentoring na Empresa. Esta iniciativa supón un paso máis na formación e asesoramento da mocidade, neste caso favorecendo o coñecemento *in situ* da realidade laboral a través de estadías formativas de ata tres meses en empresas ou entidades públicas ou privadas vinculadas a sectores estratéxicos de Galicia, como a aeronáutica, a agroalimentación, a biotecnoloxía, a automoción, o téxtil e a moda ou as enerxías renovables, entre outros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, inclúe unha bolsa de formación para o participante dun mínimo de 630 euros ao mes, que se poden incrementar noutros 100 euros por custos de desprazamento e noutros 100 para os mozos cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Nesta primeira edición de Xuventude Mentoring na Empresa, que acaba de rematar, foron seleccionados preto de 150 mozas e mozos que realizaron estadias formativas en 57 empresas e tres concellos. Tras unha primeira análise de resultados, a porcentaxe de inserción laboral é do 30 % ao finalizar o programa.

O Xuventude Mentoring e o Xuventude Mentoring na Empresa están cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA AUMENTOU EN MÁIS DE 12.000 AS PERSOAS CON DEPENDENCIA ATENDIDAS NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS**

- A lexislatura remata con mais de 73.700 persoas cun servizo ou prestación, o que representa un 20% máis que ao principio da mesma
- A ratio de atención na comunidade é do 97,8%, o que nos sitúa sete puntos por riba da media nacional e como a terceira comunidade autónoma con maior nivel de cobertura

O número de persoas con dependencia atendidas en Galicia aumentou en máis de 12.000 nos últimos catro anos ata chegar as 73.751 actuais, o que representa un 20% máis que en xullo de 2020 cando se iniciou a presente lexislatura. Son datos recollidos nun informe sobre a atención á dependencia elaborado pola Consellería de Política Social e Xuventude e do que hoxe deuse conta no Consello da Xunta.

Esta cifra de persoas cun servizo ou prestación sitúa a ratio de atención na nosa comunidade no 97,8%, sete puntos por riba da media nacional. Galicia é hoxe a terceira comunidade autónoma con maior nivel de cobertura neste ámbito.

Ademais, o informe destaca algunha das medidas postas en marcha nesta lexislatura que explican a evolución positiva na atención á dependencia, tales como: o reforzo do persoal, coa incorporación de 52 persoas para traballar directamente neste ámbito; a mellora do acceso aos servizos e prestacións, mediante a simplificación administrativa e a unificación nun único procedemento do recoñecemento de grao e a asignación do Programa Individual de Atención (PIA); ou os avances cara á universalización da atención, a través do Bono Coidado no Fogar e os 1.200 euros anuais complementarios para o Bono Residencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA A GANDARÍA EN EXTENSIVO CENTRADA NA PREVENCIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS

- É a primeira vez que se deseña un proxecto destas características na nosa comunidade, que será impulsado a través dunha liña de axudas co fin principal de controlar a vexetación natural para reducir o risco de lumes a través do silvopastoreo
- As áreas que serán obxecto destas actuacións recolleranse no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais (Pladiga) e basearanse en datos de análises do rexistro histórico de lumes, a súa cartografía asociada e en diversos estudos
- En concordancia co seu obxectivo principal, definíronse tres liñas de subvención diferentes, relacionadas co manexo de gando, a prevención dos danos causados ao gando ou a implantación e mellora de pasteiros
- Poderán beneficiarse destas achegas persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de explotacións gandeiras en extensivo e que teñan autorización para o aproveitamento forestal de pastos ou teñan realizado a súa solicitude

A Xunta habilitará unha nova liña de axudas destinada a fomentar a gandaría en extensivo para a prevención de incendios forestais. O Consello do Goberno galego aprobou o proxecto de acordo para poñer en marcha esta iniciativa. Así, promoverase o emprego do gando en extensivo en zonas estratéxicas coa finalidade previr os lumes.

A medida organizarase a través de liñas de axudas, que poderán solicitar aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de explotacións gandeiras en extensivo e que teñan autorización para o aproveitamento forestal de pastos ou teñan realizado a súa solicitude no momento solicitar a subvención. Trátase dunha convocatoria pioneira, xa que é a primeira vez que o Goberno autonómico deseña unha convocatoria destas características.

En concordancia co seu obxectivo principal -controlar a vexetación de xeito natural e anticiparse aos lumes-, definíronse tres liñas de actuación diferentes. En primeiro lugar, unha das actividades subvencionadas consistirá no manexo de gando para a redución de carga de vexetación nas superficies ofertadas, mediante a conducción e guía por un pastor ou usando instalacións que eviten a súa mobilidade con pastores eléctricos ou cercas.

Por outra banda, tamén serán subvencionables o mantemento e prevención de danos causados ao gando por actuacións coma o uso de peches gandeiros, bebedoiros, pasos canadenses ou refuxios. Por último, poderanse recibir achegas pola implantación e mellora de pasteiros para gando bovino.

As zonas estratéxicas -en que se levarán a cabo as actuacións- recolleranse no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga) e basearanse en datos de análise do rexistro histórico de incendios e a súa cartografía asociada e en

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diversos estudos preexistentes relacionados coa incidencia do lume. Chegarase deste xeito a unha xustificación do lugar elixido e á efectividade da actuación que se vai subvencionar en relación coa defensa contra os incendios forestais que se pretende alcanzar.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA POTENCIARÁ OS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DEPENDENTES DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA A TRAVÉS DUNHA ESTRATEXIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO ESTRUCTURAL**

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe en que se definen con precisión as necesidades estruturais de cada un deles a medio e longo prazo, para así establecer unha estratexia adecuada para o seu desenvolvemento e aproveitamento dos recursos
- Este marco estratéxico busca maximizar a contribución destes organismos a través de catro eixes fundamentais: investigación, transferencia, formación e realización de servizos, guiados pola premisa transversal da transición ambiental
- Os centros potenciarán accións en materia de comunicación eficiente, reorganización do espazo, optimización do consumo de enerxía e accións en zonas comúns
- Este tipo de centros contribúen a xerar oportunidades no sector primario galego, favorecendo á remuda xeracional e a fixar poboación no rural

A Xunta avaliou na reunión do Consello de hoxe un informe sobre a estratexia de desenvolvemento estrutural dos organismos de investigación dependentes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, pertencente á Consellería do Medio Rural. O estudo pretende definir con precisión as necesidades estruturais de cada un deles a medio e longo prazo, para así establecer unha estratexia adecuada para o seu desenvolvemento permitindo o avance no aproveitamento eficiente dos recursos e reforzando as posibilidades de cooperación entre eles e outros axentes externos.

O informe propón, no contexto do ecosistema galego, un enfoque estratéxico para os 13 centros de investigación agraria, gandeira e forestal vinculados á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, fundamentado na formación de dinámicos dentro do Sistema de coñecemento e innovación agroalimentaria (AKIS). Isto defínese como o conxunto da organización e os mecanismos de transmisión de coñecementos entre persoas, organizacións e institucións para utilizalo na agricultura e noutros ámbitos relacionados.

Este marco estratéxico busca maximizar a contribución dos centros a través de catro eixes fundamentais: investigación, transferencia, formación e realización de servizos, guiados pola premisa transversal da transición ambiental.

A Axencia, con este informe, pretende impulsar un proceso de actualización e reforzo desta rede de centros de investigación agraria aplicada, adaptando a súa estrutura organizativa e de financiamento, así como emprendendo un conxunto de actuacións de renovación das súas instalacións. Para iso, e considerando o conxunto de centros de investigación e campos experimentais, precísase unha análise conxunta que fundamente a toma de decisións coordinadas para optimizar o sistema público galego de investigación agraria e potenciar o uso eficiente dos recursos dispoñibles.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Estratexias que se van seguir**

Deste informe resultaron cinco plans aplicables a cada un dos centros obxecto do estudo. O primeiro está centrado na relación entre despachos e laboratorios para potenciar unha colaboración eficiente, unha comunicación fluída e un intercambio continuo dos coñecementos no ámbito científico. Outra das propostas está enfocada na agrupación dos espazos de almacenamento para unha optimización da xestión de recursos, mellorando a accesibilidade e a promoción dunha dinámica operativa máis efectiva dentro do ámbito de investigación.

A terceira das estratexias focalízase na racionalización do estacionamento dos centros de investigación para mellorar a loxística interna, garantindo a dispoñibilidade do estacionamento para vehículos institucionais e a promoción dunha xestión eficiente da mobilidade.

Os plans de actuación tamén pasan por unha mellora da eficiencia enerxética, optimizando o consumo de enerxía destes centros para reducir a pegada ambiental asociada con operacións diarias. Esta iniciativa recoñece a importancia de abordar o desafío global do cambio climático ao mesmo tempo que optimiza os recursos dispoñibles.

Esta estratexia busca optimizar o consumo de enerxía e reducir a pegada ambiental asociada con operacións diarias da institución. Con ela, recoñécese a importancia de abordar o desafío global do cambio climático ao mesmo tempo que potencia os recursos dispoñibles nestes centros que serven para xerar oportunidades no sector primario, favorecendo a remuda xeracional e a fixación de poboación no rural. Por último, recóllese unha proposta centrada nas zonas comúns de descanso, coa que se lle dá importancia a un contorno que fomente a comodidade, o benestar e a interacción social entre o persoal.

### **Centros obxecto do estudo**

Este traballo de campo tomou como referencia o Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), en que está o Banco de xermoplasma e o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (Lafiga); a Estación Experimental de Gandaría de Montaña no Marco da Curra (Monfero), a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia, a Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón, a Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño (Salceda de Caselas), a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), situada en Leiro, e os seis centros de formación e experimentación agroforestal.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESENVOLVE PROBAS PILOTO PARA REDUCIR O CUSTO DO TRATAMENTO DOS PRODUTOS DAS DRAGAXES DE ORTIGUEIRA E FISTERRA

- Portos de Galicia traballa para reducir o volume dos materiais extraídos para trasladalos por terra a un xestor autorizado e reducir os custos da súa valorización
- O ente público busca solucións que fagan viables ambas as actuacións ante os criterios cada vez máis restritivos do Ministerio de Transición Ecolóxica respecto a estas actuacións necesarias para a mellora urxente da operativa portuaria

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, realizou dúas probas piloto nos portos de Ortigueira e Fisterra para avaliar as alternativas de tratamento en terra dos residuos das dragaxes previstas para ambas as dársenas, cuxos agregados non poden ser depositados no mar pola súa cualificación ambiental, segundo o Ministerio de Transición Ecolóxica. Ante os criterios cada vez máis restritivos do Goberno central e a súa constante revisión, que dificultan a tramitación ambiental das dragaxes e incrementan notablemente os custos chegando a comprometer a súa viabilidade económica, a Xunta está a buscar alternativas que permitan reducir volumes e minimizar custos para afrontar estas actuacións necesarias para a mellora urxente da operativa portuaria.

Con esta finalidade, Portos de Galicia desenvolveu na segunda quincena do pasado mes de xaneiro senllas probas piloto nos portos de Ortigueira e Fisterra, en que os agregados que se dragan son cualificados pola normativa estatal como categoría C, polo que se consideran contaminados e non se permite o seu tratamento mar a fóra. Ante o forte incremento de custos do tratamento dos agregados en terra, o obxectivo destas probas piloto é avaliar o aforro económico que supón a redución do volume dos materiais extraídos prensándoos, tratando de xeito independente o efluente e trasladando os agregados a un xestor autorizado para a súa valorización.

Portos de Galicia prevé un aforro económico de entre o 30 e o 40 % respecto á posibilidade de tratamento do material en conxunto. Unha redución desta magnitude permitiría paliar os sobrecostos ocasionados pola consideración estatal como categoría C de agregados sen contaminación externa.

No caso de Ortigueira e Fisterra, as estimacións orzamentarias das dragaxes ata agora situaban o orzamento arredor do millón de euros por cada 10.000 metros cúbicos de agregados que se precise extraer. No caso de Ortigueira os estudos previos prevén a extracción de 11.000 metros cúbicos de area mentres que en Fisterra ascende a 15.000.

#### **Achega ao coñecemento científico e I+D+i**

Ademais de achegar posibles solucións á carestía derivada do incremento das restricións ambientais da normativa estatal, a proba desenvolvida por Portos de Galicia permitirá tamén incrementar o coñecemento científico relativo aos materiais de dragaxe e aos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedementos de redución de impacto ambiental dos seus residuos, contribuíndo á investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i).